

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes

*Convocatoria X Certame de artesanía "Antonio Fraguas Fraguas".*

Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes

Sección de Cultura e Deportes

#### X Certame de artesanía "Antonio Fraguas Fraguas"

En consideración á gran importancia que para o desenvolvemento da cultura dun pobo ten a atención a aquelas manifestacións artísticas que forman parte da súa propia esencia, a Deputación da Coruña convoca o X Certame de artesanía "Antonio Fraguas Fraguas", de acordo coas seguintes

#### BASES

##### Primeira.-

Poderán participar todos os artesáns, que traballen no campo da artesanía galega tradicional ou contemporánea, tanto a título particular como en agrupacións de varios autores, colectivos, asociacións, etcétera, e que non fosen premiados nas tres edicións anteriores a ésta. Na modalidade de artesanía tradicional poderan ser presentadas candidaturas ao premio por parte de outras persoas, colectivos ou entidades, que non sexan os autores das pezas, quedando, neste caso, a venta delas, condicionada á autorización do seu autor.

Cada artesán ou colectivo poderá concorrer ao certame cun máximo de seis pezas, podendo ser considerados como unha peza os conxuntos que, estando formados por varias, constitúan unha única unidade.

##### Segunda.-

O certame consta das modalidades de artesanía tradicional e de artesanía contemporánea, e ten por obxecto, por unha banda, a concesión dun premio de 4.500 € para cada modalidade, e por outra, a adquisición de obra por un importe máximo de 15.000 €, estando incluídos en todas as cantidades os impostos que lles sexan aplicables.

Esta adquisición sera feita de forma equitativa entre as dúas modalidades mencionadas, procurando, na medida do posible, que a totalidade das obras adquiridas se reparta, entre ambas tendencias.

Na cantidade que se destine ás adquisicións será incluída a contía das obras premiadas polo importe no que estean valoradas.

##### Terceira.-

A temática e a técnica empregadas serán libres.

As solicitudes de participación serán feitas no modelo normalizado que poderá obterse na web: [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es) ou no Rexistro Xeral da Deputación ao que achegarse copia do N.I.F. do participante, os documentos que no impreso se sinalen, e unha ou varias fotos das obras presentadas.

No caso de candidaturas que non sexan presentadas polos autores das pezas, deberán achegar un dossier no que se argumente a proposta que se fai.

O tamaño das fotos será de 20 x 25 cm. e virán montadas sobre soporte de folla de álbum, que levará adherida en lugar ben visíbel unha inscrición cos seguintes datos: nome do autor, enderezo, prezo da obra (incluídos impostos), medidas aproximadas e técnica empregada.

##### Cuarta.-

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o día **31 de marzo de dous mil catorce**.

As solicitudes enviaranse á Deputación Provincial da Coruña, Avda. Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña.

**Quinta.-**

O xurado estará presidido polo presidente da Deputación e formarán parte del a sra. deputada presidenta da Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade, e sete persoas de recoñecido prestixio no ámbito da artesanía, nomeadas polo señor presidente da Deputación, e actuará como secretario, con voz e sen voto, o da deputación ou o funcionario no que delegue.

A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión tanto no taboleiro de anuncios, como na páxina web da Deputación ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)), co fin de que, se é o caso, poidan ser interpostos os recursos legais pertinentes.

**Sexta.-**

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 26.1 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As deliberacións serán secretas e delas sera estendida a acta correspondente, sendo criterios a ter en conta, para a súa decisión, a calidade artística das obras presentadas, a coherencia coas formas e os usos tradicionais na modalidade de artesanía tradicional, e a orixinalidade e o esforzo innovador na modalidade de artesanía contemporánea, así como a orixinalidade na execución das pezas.

O xurado non poderá declarar deserto o certame, e a súa decisión será obxecto de resolución do presidente desta deputación, que é o órgano competente para resolver o certame.

A decisión do xurado terá lugar no primeiro semestre de 2014, e será dada a coñecer no taboleiro de anuncios, na páxina web da Deputación ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)), e a través dos distintos medios de comunicación.

**Sétima.-****7.1.- Preselección.**

Despois de ver as solicitudes e as fotografías presentadas, o xurado realizará unha primeira selección delas, o que será comunicado aos seus autores.

As obras que resulten preseleccionadas deberán ser enviadas ao colexio Calvo Sotelo, Rúa Archer Milton Huntington, s/n, 15011 A Coruña, no prazo que se indique.

**7.2.- Exposición.-**

Entre as obras preseleccionadas o xurado decidirá cales serán as premiadas así como aquelas que serán adquiridas, facendo, ademais, unha segunda selección de obras coas que se montará unha exposición, da que será feita unha itinerancia polos concellos da provincia; para esta exposición será editado o correspondente catálogo, do que serán entregados cinco exemplares a cada un dos autores cuxa obra estea incluída na exposición.

As obras non seleccionadas polo xurado para formar parte da exposición deberán ser retiradas polos interesados no prazo dun mes a partir da notificación da decisión do xurado.

**7.3.- Adquisición.-**

A proposta de adquisición das obras será feita dacordo co criterio do xurado, que valorará e seleccionará as que considere mellores, tendo en conta o límite presupostario sinalado na base segunda.

A adquisición das obras será resolta polo presidente da Deputación, que atenderá para a súa aprobación ao criterio que tivese constituído o fundamento do xurado para a súa decisión.

Os autores deberán presentar as preceptivas facturas, nas que se farán constar os impostos que lles sexan de aplicación.

A adquisición das obras supón a extinción do dereito de explotación polo seu autor, se ben permanecen inalterables os dereitos morais que a lexislación lles confire.

As obras que non sexan adquiridas e formen parte da exposición, deberán ser retiradas polos interesados no prazo dun mes, que se contará desde a data da clausura da última exposición.

**Oitava.-**

A Deputación correrá cos gastos de seguros das obras ao longo do tempo no que permanezan no seu poder, e sempre que este non supere os prazos sinalados para a súa retirada.

Aquelas obras que non sexan retiradas nos prazos establecidos, serán devoltas aos seus autores polo medio de transporte que, a criterio da Deputación, se considere mais idóneo, correndo os custos a cargo daqueles.

**Novena.-**

A participación nesta convocatoria supón, tanto a total aceptación destas bases, como a autorización á Deputación para a inclusión das obras seleccionadas no catálogo da exposición.

A Coruña 12 de febreiro de 2014

O Presidente

O Secretario

Diego Calvo Pouso

José Luis Almau Supervía

---

2014/1589